

REVISIÓN DUN TESOURIÑO DE ANTONINIANOS ACHADO NA TERRA CHÁ (LUGO) E RESULTADO DAS ANÁLISES METALOGRÁFICAS

Milagros Cavada Nieto (Universidade de Vigo – Campus de Ourense) / *Felipe Arias Vilas* (Museo do Castro de Viladonga)

XUSTIFICACIÓN

Xa pasaron moitos anos desde que os autores deste artigo publicáramos o estudo dun pequeno número de moedas - antoninianos – que fora atopado na Terra Chá lucense e que nos fora entregado, desinteresadamente e para tales fins de estudo, polo profesor e xeógrafo Francisco Río Barja a quen renovamos a nosa gratitude. Na actualidade as moedas están depositadas no Museo do Castro de Viladonga, no mesmo concello do seu lugar de aparición (Castro de Rei), pois hoxe sabemos que formaban parte dun tesouriño aparecido casualmente nalgún lugar da parroquia de San Xulián de Mos, quizais nos anos 40 ou 50 do século XX e posteriormente disperso e espallado por varias mans, como adoita ou adoitaba pasar con este tipo de achados.

Naquel primeiro estudo xa faciamos referencia ó contexto arqueolóxico do achado¹, contexto que non variou demasiado, como non sexa para confirmar o apuntado entón: nesta parte central da Terra Chá tense

confirmado un denso poboamento castrexo e galaico-romano, relacionado, por unha banda, coas vías e camiños que a cruzaban desde *Lucus Augusti* cara ó Norte e o Nordés (á que pertencería, entre outras, a ponte de Duarría xa citada naquel artigo anterior, e por outra coa, serie de asentamentos e achados soltos documentados en todo o concello de Castro de Rei tamén devandito, e onde poden seguir destacándose aínda os datos procedentes de mesma zona de Duarría (castro, moedas – áureos, ó parecer da época de Nerón-, unha posible necrópole...) e, desde logo, o tardío Castro de Viladonga e todo o seu interesante contorno, tanto nas terras de Castro de Rei coma nas lindeiras de Arcos e Silva no concello de Pol .

Cando hai case trinta anos describiamos por primeira vez as moedas que nos ocupan, a falta de medios suficientes e de centros apropiados para levar a cabo unha limpeza exhaustiva das pezas levounos a ofrecer unha lectura que, co paso do tempo e nalgúns casos, se revelou como incompleta ou mesmo defectuosa, eiva esta que hoxe podemos corrixir

gracias á limpeza realizada no Centro de apoio á Docencia e Investigación (C.A.C.T.I.) da Universidade de Vigo, a cargo de don Jorge Millos Alfeirán, autor igualmente das análises por Fluorescencia e Difracción de RX que amablemente nos fixo chegar a un dos autores (M. Cavada)³.

Así pois, nesta revisión non só subsanaremos algunhas deficiencias que se poden apreciar naquel primeiro traballo, como a falta de orientación dos eixos dos cuños, - para os que utilizamos agora o habitual sistema “horario” -, e os pesos das moedas, - nos que facemos constar o anterior e o posterior á limpeza -, senón que engadiremos tamén os resultados das análises metalográficas dos óxidos de cloro, hipocloritos, sulfuro de chumbo, dióxido de estaño e dos cloruros de cobre e de prata, realizadas igualmente antes e despois da limpeza.

As moedas, que neste artigo levan distinta numeración ca no ano 1976, clasifícanse seguindo a obra *Roman Imperial Coinage* editada por H. Mattingly e W.H. Sydenham⁴.

¹ARIAS VILAS, F. / CAVADA NIETO, M., “Antoninianos de un tesoriño hallado en la Terra Chá (Lugo)”, *Boletín de la Comisión provincial de Monumentos de Lugo*, IX, nº 85-86, 1976, p. 257-263.

²Vid. agora para o contexto arqueolóxico desta comarca, entre outros, ARIAS VILAS, F. e DURÁN FUENTES, M^C., *Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)*, (Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996, en especial p. 46-48.

³O noso máis fondo agradecemento ó profesor Dr. Jorge Millos Alfeirán, da Universidade de Vigo, non só pola realización da limpeza e análises senón por todas as informacións complementarias que nos proporcionou. Obviamos aquí a publicación das gráficas e diagramas correspondentes as análises que logo se comentan, en aras de alixeirar a lectura neste Boletín *Croa*, pois, en todo caso, as súas características e claves técnicas non son xeralmente “intelixibles” para a maioría dos lectores.

⁴O Volume V, parte I, está realizado por P. H. WEBB. Londres, Spink & Son, Ltd., 1972 (reimpr.).

CATÁLOGO

1.- Galieno (Reinado Único, 259-268)

Anverso) *GALLIENVVS AV[G]*



Busto con cabeza radiada á dereita, con arranque de coiraza.

Reverso) *[V]BERITA[S] AVG*



Figura feminina (a Abundancia – Ubertas-) de pé con cabeza á esquerda, parece levar cornucopia na man esquerda e temón na dereita.

En regular estado de conservación.

No campo, a dereita, *Є*.

Ceca: *Siscia*. Módulos: 17-20 mm. Eixo: 16:50. Peso: 1,78 gr. (2,31 gr.)⁵ Bibliografía: *RIC*, V-1, p. 183, nº 585.

2.- Galieno (Reinado Único, 259-268)

Anv.) *GAL[LI]ENVVS AV[G]*



Busto, case perdido, con cabeza radiada á dereita, con arranque de coiraza.

En mal estado de conservación.

Rev.) *[A]ETER[NITAS] [AVG]*



Figura (a Eternidade ou o Sol) de pé con cabeza radiada, levando globo na man esquerda e coa dereita en alto.

En mal estado de conservación.

No campo, a esquerda, *Γ* (¿ou *C?*).

Ceca: Roma. Módulos: 19-20 mm. Eixo: 16:55. Peso: 1,88 gr. (2,00 gr.).

Bibliografía: *RIC*, V-1, p. 144, nº 160 F

3.- Galieno (posiblemente do Reinado Único, 259-268)

Anv.) *GALLIE[NVS AVG]*



Busto con cabeza radiada.

En regular estado de conservación.

Rev.) *[A]ET[ERNITAS AVG]*



Figura, probablemente unha Eternidade, pero ilexible polo seu mal estado, debido á perda de materia.

Ceca indeterminada (probablemente Roma). Módulos: 17-19 mm. Eixo: 16:55. Peso: 2,63 gr. (2,83 gr.).

Bibliografía: *RIC*, V-1, p. 144, nº ¿160?.

⁵Entre paréntese figura o peso que tiñan as moedas antes de limparse no laboratorio do C.A.C.T.I..

4.- Galieno (Reinado Único, 259-268)

Anv.) *GALL[IE]NVS AV[G]*



Busto con manto e coiraza, cabeza radiada a dereita.

R) *IOVI CONS AVG*



A Cabra *Amalthea* andando a esquerda.

No exergo, *S*

Ceca: Roma (Oficina 2^a). Módulos: 19-21 mm. Eixo: 12. Peso: 2,60 gr. (2,70 gr.).

Bibliografía: *RIC*, V-1, p.149, n° 208-C.

5.- Galieno (Reinado Único, 259-268)

Anv.) *GALLIENVVS AVG*



Busto con manto e coiraza, cabeza radiada a esquerda.

Rev.) *LIBERAL AVG*



Figura feminina (a Liberalidade) de pé con cabeza a esquerda, levando cornucopia na man esquerda e tesera na dereita.

No campo, a esquerda, *S*

Ceca: Roma (Oficina 2^a). Módulos: 18-21 mm. Eixo: 12. Peso: 2,42 gr. (2,63 gr.)

Bibliografía: *RIC*, V-1, p. 151, n° 227-F.

6.- Galieno (Reinado Único, 259-268)

Anv.) *[GALLIE]N[V]S [AVG]*



Busto con cabeza radiada a dereita.

En mal estado de conservación.

Rev.) *AEQVIT(as aug)*



Figura feminina (a Equidade) de pé, con cabeza a esquerda, levando cornucopia na man esquerda e balanza na dereita.

Ceca: Roma. Módulos: 17-18 mm. Eixo: 18. Peso: 3,01 gr. (3,30 gr.).

Bibliografía: *RIC*, V-1, p. 186, n° 627.

7.- Posiblemente Galieno (como as outras, Reinado Único, 259-268)

Anv.) (*¿Gallien?*)VS AVG



Busto con cabeza radiada a dereita.

En mal estado de conservación e con adherencias de cloruros.

Rev.) [P]ROVI[DEN]T[IA] (*Aug*)



Figura feminina (a Providencia) de pé, con cabeza a esquerda e con cornucopia na man esquerda.

En mal estado.

Sen marca de ceca identificable pero probablemente Roma. Módulos: 17-18 mm. Eixo: 18. Peso: 2,80 gr. (2'80 gr.).

Bibliografía: *RIC*, V-1, p. 154, *¿270?*

8.- Salonina (Reinado Único de Galieno, 259-268)

Anv.) SALONINA AVG



Busto con manto sobre lúa crecente, con cabeza diademada a dereita.

Rev.) PIETAS AVG



Figura feminina (a Piedade) de pé, con cabeza a esquerda, con caja de perfumes na dereita.

En regular estado de conservación.

Ceca: Roma. Módulos: 17-19 mm. Eixo: 12. Peso: 2,005 gr. (2,21 gr.).

Bibliografía: *RIC*, V-1, p. 193, nº 22.

9.- Claudio II “Gótico” (269-270)

Anv.) IMP CLAVDIVS (...)



Busto con cabeza radiada, a dereita.

En regular estado de conservación.

Rev.) [F]ORTVNA RE[DVX]



Figura feminina (a Fortuna) de pé, con cabeza mirando á dereita, levando cornucopia na man esquerda e temón na dereita.

Sen marca de ceca (Roma). Módulos: 18-20 mm. Eixo: 18. Peso: 2,88 gr. (3'22 gr.).

Bibliografía: *RIC*, V-1, p. 214, nº 41.

10.- Claudio II “Gótico” (269-270)

Anv.) *IMP (Clavdi)VS (...)*



Practicamente ilexible polo seu mal estado de conservación.

Busto con manto e cabeza radiada a dereita.

Rev.) *[F]OR[TVNA RE]DVX*

Figura feminina (a Fortuna) de pé



con cabeza mirando á esquerda. Na man esquerda leva unha cornucopia e na dereita un temón.

Practicamente ilexible polo seu mal estado.

Sen marca de ceca (Roma). Módulos: 17-19 mm. Eixo: 12. Peso: 2,82 gr. (3,80 gr.).

Bibliografía: *RIC*, V-1, p. 214, nº 41.

11.- Claudio II “Gótico” (269-270)

Anv.) *IMP. CLAV[DIVS] (. .)*



Busto con cabeza radiada a dereita.

Rev.) *[SPES PV] BLICA*



Figura feminina (a Esperanza) de pé mirando á dereita, con ramo na man dereita e suxeitando o manrto coa esquerda.

No exergo, *P*

Ceca: *Mediolanum* (Oficina 1^a). Módulos: 18-20mm. Eixo: 17:55. Peso: 2,88 gr. (3,22 gr.).

Bibliografía: *RIC*, V-1, p. 224, nº 168.

12.- Claudio II “Gótico” (269-270)

Anv.) *[I]MP C[LAV]DIVS AVG P F [AVG]*



Busto con manto e cabeza radiada a dereita.

Rev.) *SPES PV[BLICA]*



Figura feminina (a Esperanza) de pé mirando á esquerda, con ramo na man dereita e suxeitando o manto coa esquerda.

No exergo, *P*

Ceca: *Mediolanum* (Oficina 1^a). Módulos: 18-19 mm. Eixo: 18. Peso: 2,33 gr. (2,46 gr.).

Bibliografía: *RIC*, V-1, p. 224, nº 168.

COMENTARIO

Feita a revisión das características externas de cada unha das moedas, e aparte de remitirnos ós comentarios que no seu día se fixeron no traballo xa reseñado (vid. nota 1) e que man-

do século III da nosa Era sufriu o Imperio Romano. Referímonos en concreto á axuda que proporcionan as novas técnicas metalográficas que permiten “desmitificar” en certo modo a coñecida e moitas veces aducida “crise económica do século

Testaccio de Roma⁷, ou o estudo dos “*tituli picti*”⁸ cos que se marcaban os recipientes (maiormente ánforas) que servían para exportar o preciado produto⁹.

Moeda	Emperador	Cobre	Estaño	Chumbo	Prata	Outros
1	Galiano (R. U.)	89,29	4,12	2,32	2,17	2,04
2	Galiano (R. U.)	67,66	16,40	10,80	0,27	4,82
3	Galiano (R. U.)	90,51	2,48	2,28	3,12	1,60
4	Galiano (R. U.)	60,96	15,10	12,80	2,89	8,24 ¹³
5	Galiano (R. U.)	91,37	3,19	2,76	1,29	1,38
6	Galiano (R. U.)	89,06	3,87	0,99	5,18	0,88
7	¿Galiano (R. U.)?	66,35	3,43	20,80	0,64	8,79 ¹⁴
8	Salonina (R. U.)	86,61	0,32	0,89	12,50	1,60 ¹⁵
9	Claudio II “Gótico”	71,70	0,0	1,35	3,92	0,88
10	Claudio II “Gótico”	80,74	6,32	9,52	2,10	1,32
11	Claudio II “Gótico”	92,19	3,59	0,88	2,1	1,18
12	Claudio II “Gótico”	94,36	2,62	<	2,15	0,87

Táboa 1

Moeda	Emperador	Ceca	Peso (gr.)	% prata
8	Salonina (R.U.Galiano)	Roma	2,00	12,50
6	Galiano (R. U.)	Roma	3,01	5,18
9	Claudio II “Gótico”	Roma	3,46	3,2
3	Galiano (R. U.)	Roma	2,3	3,2
4	Galiano (R. U.)	Roma	2,60	2,89
1	Galiano (R. U.)	Siscia	1,78	2,17
12	Claudio II “Gótico”	Mediolanum	2,33	2,15
11	Claudio II “Gótico”	Mediolanum	2,88	2,11
10	Claudio II “Gótico”	Roma	2,82	2,10
5	Galiano (R. U.)	Roma	2,42	1,29
7	¿Galiano (R. U.)?	Roma	2,80	0,64
2	Claudio II “Gótico”	Roma	1,88	0,27

Táboa 2

teñen, en grande medida, a mesma validez, si cómpre agora matizar ou volver sobre algúns aspectos nos que se teñen experimentado cambios substanciais que nos axudan para unha mellor comprensión do proceso político e económico que, ó longo

III”, xunto con outros estudos ós que ata hai relativamente poucos anos non se prestaba a suficiente atención, como é o caso da exportación de aceite desde Hispania a Roma ou a outros lugares do Imperio como a *Galia* ou *Germania*⁶, os resultados das escavacións realizadas no Monte

Se cando publicamos aquel noso artigo tiñamos serias dúbidas sobre a depreciación, entendida como perda do valor metálico da moeda debida á redución de metal noble na súa composición¹⁰ e non, necesariamente, á perda do seu valor adquisitivo, que sufriran os denarios antoninianos,

⁶Obra básica para a comprensión do comercio do aceite desde Hispania aínda segue sendo a de J. REMESAL, *La ‘Ammona militaris’ y la exportación del aceite Bético a Germania*. Madrid, 1986. Tamén, M. PONSICH, *Aceite de oliva y salazones de pescado: factores geo-económicos de Bética y Tingitania*. Madrid, Universidad Computense, 1988.

⁷J. M^a BLÁZQUEZ y J. REMESAL (eds.), *Estudios sobre el monte Testaccio (Roma)*. Barcelona, Publicacions Universitat de Barcelona, 1999-2001 (2 vols.).

⁸G. CHIC GARCÍA, *Epigrafa anfórica de la Bética*. Sevilla, Universidad, 1985-1988 (2 vols.). IDEM, “El conjunto alfarero romano de la Catria: Una reconsideración”. *Minus*, 1, 1992, p. 107-135.

⁹Para o comercio do Noroeste, vid. tamén J. NAVEIRO, *El comercio antiguo en el N.W. peninsular. Lectura histórica del registro arqueológico* (Monografías do Museo de San Antón), A Coruña, 1991

¹⁰G. DEPEYROT, *Crisis e inflación entre la Antigüedad y la Edad Media*. Barcelona, Crítica, 1996.

na actualidade e pesia a ser aínda escasas as análises metalográficas realizadas a este tipo de moedas en España¹¹, os resultados obtidos son francamente positivos e alentadores; tanto que foron estes os que nos animaron a facérllelos ás moedas do tesouríño que aquí revisamos, e que expoñemos seguindo a ordenación numérica do catálogo¹². (Táboa 1)

Á vista destes resultados non nos queda dúbida de que o metal base na composición destas moedas é o cobre, mentres que o estaño, o chumbo e a prata presentan un comportamento variable, se ben as cantidades desta son moi superiores ás que, como norma xeral, adoita atribuírseles.

Na Táboa 2 presentamos as moedas tomando como base a cantidade de prata, de maior a menor, así coma o emperador, ceca e peso de cada unha.

Roma é a ceca mellor representada do conxunto, con 7 (ou quizais 9) das 12 moedas, o que equivale a unha porcentaxe de 58,33%; a *Mediolanum*, dous exemplares e pertencentes a Claudio II, 16,67%, ó igual cás dúas de ceca dubidosa pero seguramente de Roma, mentres que a *Siscia*, cun único exemplar, correspóndelle o 8,33%. Que Roma sexa, de longo, a ceca con maior presenza é un feito que se constata non só neste tesouríño (pesia ó escaso número de moedas que podemos estudar) senón tamén no de Chantada¹⁶, *Conimbriga*¹⁷ e Valladolid¹⁸. As cecas de *Mediolanum* e *Siscia* manteñen tamén unha

proporción similar ós de *Conimbriga*, Valladolid e *Clunia*¹⁹. En canto ós pesos, a media das moedas de Galieno, incluída a de Salonina, é de 2,39gr. e as de Claudio de 2,87gr., quizais debido a que o seu período en circulación foi maior cás deste, o que ten o seu reflexo nun maior desgaste e peor conservación.

En canto á prata, a porcentaxe media do conxunto é de 3,20, pertencendo a Galieno (e Salonina) un 3,51 e a Claudio II un 2,57. Estas porcentaxes medias de prata non deben inducirnos a engano xa que nas de Galieno ese promedio aumenta debido a que a moeda acuñada a nome de Salonina presenta un 12,50 % de prata, compensando así as pequenas aprotacións das moedas número 2 e 7, cun 0,27 e 0,64% respectivamente. Amósanse máis uniformes as de

¹¹Que nós saibamos, só se realizaron sobre dous tesouríños da provincia de Lugo (tres co que aquí se trata) e sobre un pertencente á colección didáctica da Universidade de Valladolid. Para os de Lugo, M. CAVADA NIETO, *La crisis económico-monetary del s. III: ¿Un mito historiográfico?*. Santiago, (Tórculo Ed.), 1994. Para o de Valladolid, M^a S. PARRADO CUESTA, “Antoninianos de la colección didáctica de la Universidad de Valladolid. Análisis metalográficos”, en M^a P. García-Bellido y R. M. S. Centeno (eds.), *La moneda Hispánica. Ciudad y Territorio*. Actas del I EPNA, (Anejos de AEspA XIV), Madrid, 1995, p. 33-40. Neste traballo hai un erro de base que afecta a todos os cálculos realizados pola autora: trátase da fórmula utilizada para lograr o coeficiente de variación (CV%) que mostra na ‘Tabla 2’ e que, no apartado ‘Global’ figura 0,1% cando debera ser: $8,48/79,67 \cdot 100 = 10,64\%$.

¹²As análises realizadas polo Dr. J. Millos fixéronse en dúas fases: na primeira, as moedas analízanse tendo en conta as “fases cloradas” debidas á corrosión salina e oxidante, o que modifica os resultados propios do material; na segunda, os resultados son os obtidos unha vez eliminados os elementos anteriores e recalculados os resultados. Estes últimos son os que aquí se reflicten.

¹³Nesta mostra é o silicio o que está presente coa maior porcentaxe: 6,23.

¹⁴De novo é o silicio o que ofrece a maior porcentaxe nesta apartado cun 6,62.

¹⁵O máis chamativo desta variedade de metais é a presenza de ouro cun 0,20%.

¹⁶M. CAVADA NIETO, *La crisis económico-monetary*. . . , op. cit., p. 42.

¹⁷I. PEREIRA, J-P. BOST, J. HIEMARD, *Fouilles de Conimbriga. III: Les Monnaies*, París, Diffusion De Boccard, 1974, p. 24-30, 323-324 e 326-327.

¹⁸A. BALIL y R. MARTÍN VALLS, *Tesorillo de Antoninianos de Honcalada (Valladolid)*, Valladolid, Monografías del Museo Arqueológico, 1979.

¹⁹J. M. GURT ESPARRAGUERA, *Clunia III: Hallazgos monetarios. La romanización de la Meseta Norte a través de la circulación monetaria en la ciudad de Clunia*, Madrid, 1985, p. 133 ss.

Claudio II, tres das cales oscilan entre 2,10 e 2,15 % e unha, a número 9, da ceca de Roma, 3,92 %.

O que se desprende da variación das porcentaxes de prata é que, de novo, un tesouríño da provincia de Lugo rompe as pautas que se tiñan establecido para o contido de prata segundo os datos recompilados por Callu²⁰, manténdose dentro dos promedios aportados polos grupos de moedas de Agrade (Chantada) e de Lugo²¹ así como dos obtidos nalgúns antoninianos de Valladolid²², se ben nestes a maior cantidade de prata corresponde á moeda nº 44 do inventario (Reinado Único de Galieno, ceca de Roma: Anv./ *Gallienus Avg*; Rev./ *Pax Avg*), cun 5,58 %²³.

Á vista do antedito semella obvio que nos atopamos diante dun novo sistema monetario, baseado no Antoniniano, pero máis complexo do que en aparencia poidera parecer. Pero esta complexidade está avalada polas

propias fontes literarias, en especial pola *Historia Augusta*²⁴, da que pasamos a comentar algúns breves pero, ó noso entender, significativos e elocuentes fragmentos.

Na *Vida del Divino Aureliano* (26, 9-10)²⁵ escrita por Flavio Vopisco Siracusano, este recolle unha carta que o emperador Valeriano I lle escribiu ó prefecto de Roma, Ceionio Albino, na que, referíndose a Aureliano, por aquel entón o seu xeneral, dille o seguinte: “Ademais, posto que hai que asignarlle algo en particular, durante o tempo que permaneza en Roma, concederáslle cantidades de forraxe extraordinarias e, para os seus gastos personais, dous áureos Antoninianos diarios, cincuenta minúculos Filipeos de prata e cen denarios de cobre. Os prefectos do erario subministraránlle o resto”. Máis adiante (26, 12-1) transcribénos a seguinte carta de Valeriano ó prefecto do Tesouro sobre o consulado de Aureliano: “Valeriano Augusto

ó prefecto do tesoro Elio Xifidio. A Aureliano, ó que temos outorgado o consulado, a causa da súa pobreza, pola que acadou certa grandeza e superioridade diante dos demais, entregaráslle para que poida celebrar os xogos circenses trescentos áureos Antoninianos, tres mil minúculos Filipeos de prata, cincuenta mil sestercios de cobre...”.

Aquel mesmo autor Flavio Vopisco Siracusano, na *Vida de Probo* (28, 4-5)²⁶ recolle unha carta de Valeriano dirixida ó prefecto do Pretorio na que lle fala do salario que ten que entregar a Probo na súa condición de tribuno: “Valeriano Augusto a Mulvio Galicano, prefecto do Pretorio. (...) Polo tanto, posto que posúe unha escasa fortuna, para que a dignidade que ostenta se vexa arroupada con distintas axudas, darás a orde de que lle entreguen (...) cen Antoninianos de ouro, mil Aurelianos de prata e dez mil Filipeos de bronce (...)”²⁷.

²⁰J. P. CALLU, *La politique*. . ., op. cit.

²¹M. CAVADA NIETO, *La crisis económico-monetary*. . ., op. cit. Vid. Anexos.

²²M^a S. PARRADO CUESTA, “Antoninianos de la colección didáctica de la Universidad de Valladolid. Análisis metalográficos”, en M^a P. García-Bellido y R. M. S. Centeno (eds.), I EPNA: *La Moneda Hispánica. Ciudad y Territorio*. (Anejos de AEspA XIV), 1995, Tabla 4, p. 36.

²³Os Coeficientes de Variación que presenta na súa Tabla 2, p. 34, parecen estar mal elaborados e por iso soamente nos atemos ós resultados porcentuais das análises. A fórmula a utilizar sería: CV= S/X*100.

²⁴*Historia Augusta*, Edición de V. Picón y A. Gascón, Madrid, Akal, 1989.

²⁵*Historia Augusta*, op. cit., p. 619 e 621.

²⁶*Historia Augusta*..., op. cit., p. 677.

²⁷Os subliñados son sempre nosos.

Do mesmo Flavio Vopisco é a *Vida de Tácito* (27, 9-3)²⁸, quen no seu discurso de investidura como emperador dixo diante do exército: “Neste mesmo discurso advertiu que se alguén mesturaba para uso público ou privado prata con cobre, prata con ouro, ou chumbo con cobre, sería castigado coa pena de morte e coa confiscación dos seus bens”.

No libro 29, 15-8, onde este autor fala das vidas de distintos usurpadores (Firmo, Saturnino, Próculo e Bonoso)²⁹, o tratar da deste último inclúe

²⁸Historia Augusta..., op. cit., p. 663.

²⁹Historia Augusta..., op. cit., p. 709.

BIBLIOGRAFÍA

- ARIAS VILAS, F. y CAVADA NIETO, M.: “Antoninianos de un tesorillo hallado en la Terra Chá (Lugo)”, *Boletín de la Comisión provincial de Monumentos de Lugo*, IX, nº 85-86, 1976, p. 257-263.
- BALIL, A. y MARTÍN VALLS, R.: *Tesorillo de Antoninianos de Hontcalada (Valladolid)*. Valladolid, Monografías del Museo Arqueológico, 1979.
- BLÁZQUEZ, J. M^a. y REMESAL, J., (eds.): *Estudios sobre el Monte Testaccio (Roma)*, Barcelona, Publicacions Universitat de Barcelona, 1999-2001. (2 vols.).
- CAVADA NIETO, M.: *La crisis económico-monetaria del s. III: ¿Un mito historiográfico?*, Santiago, Tórculo Edicions, 1994.
- CHIC GARCÍA, G.: “El conjunto alfarero romano de la Catria: Una reconsideración”, *Minius*, 1, 1992.
- unha carta do emperador Aureliano ó legado das Tracias, Galonio Alvito, para que, con motivo da voda do seu xeneral Bonoso, lle entregue, entre outros agasallos, “...cen Filipeos de ouro, mil Antoninianos de prata e dez mil sestercios de cobre”.
- Cremos que os autores destas referencias e mandados non tiñan intencionalidade ningunha de enganar, pois, á marxe das filias e fobias que se podían suscitar a respecto de Valeriano e Galieno por problemas de índole relixiosa, non poderían enganar á propia cidadanía romana que era, en definitiva, a que ía consumir e utilizar o produto e que, parece lóxico supoñer, tiña que coñecer os feitos que Vopisco nos transmite.
- Queden apuntadas estas consideracións para reflexionar sobre os feitos descritos e a súa relación coas acuñacións do século III, así como o seu reflexo na circulación monetaria nunha zona periférica do Imperio coma o *Conventus Lucensis*.
- DEPEYROT, G.: *Crisis e inflación entre la Antigüedad y la Edad Media*, Barcelona, Crítica, 1996.
- GURT ESPARRAGUERA, J. M. : *Chunia III. Hallazgos monetarios. La romanización de la Meseta Norte a través de la circulación monetaria de la ciudad de Chunia*, Madrid, 1985.
- NAVEIRO LÓPEZ, J.: *El comercio antiguo en el N.W. peninsular. Lectura histórica del registro arqueológico*, (Monografías Urxentes do Museo de San Antón 5), A Coruña, 1991.
- PARRADO CUESTA, M^a S.: “Antoninianos de la colección didáctica de la Universidad de Valladolid. Análisis Metalográficos”, en M^a P. García-Bellido y R. M. S. Centeno (eds.), *La moneda Hispánica. Ciudad y Territorio*. Actas del I EPNA, Anejos de AEspA. XIV, Madrid, 1995.
- PEREIRA, I., BOST, J-P., HIERNARD, J.: *Fouilles de Conimbriga. III: Les Monnaies*, París, Ed. De Boccard, 1974.
- PICÓN, V. y GASCÓN, A. (eds.): *Historia Augusta*, Madrid, Akal, 1989.
- PONSICH, M.: *Aceite de oliva y salazones de pescado: factores geoeconómicos de Bética y Tingitania*, Madrid, Universidad Complutense, 1988.
- REMESAL, J.: *La ‘Annona militaris’ y la exportación del aceite Bético a Germania*, Madrid, 1986.
- WEBB, P. H.: *Roman Imperial Coinage*, Londres, Spink & Son, Ltd., 1972, vol. V-1.
- CHIC GARCÍA, G.: *Epigrafía anfórica de la Bética*, Sevilla, Universidad, 1985-1988. (2 vols.).